

Aves que vén unha mañá no Castro de Viladonga

Alejandro Álvarez Vázquez (2º ESO)

No castro de Viladonga podemos encontrar unha grande biodiversidade, temos paxaros de todo tipo, dende aves de presa como lagarteiros, ata os máis pequenos coma o mito. Os máis comúns son os gorrións, as lavandeiras, os merlos e os verderolos; pero tamén os hai raros como o paporrubio real, un pequeno paxaro de vivas cores entre as que destaca a vermella, e o mito, do que podemos destacar a súa longa cola.

Se damos unha volta polo redor das murallas vemos tamén algún tor-do e paporrubios.

Como aves de presa poden destacar o miñato e o lagarteiro, pero mesmo se pode ver en contadas ocasións o voitre, unha das aves máis grandes da zona, e algún aguiacho cincento que pasa a época de cría alí.

Nalgunhas ocasións tamén podemos observar o falcón.

Pero dende as murallas non só imos ver paxaros, se prestamos algo de atención poderemos ver algún que outro animal coma o corzo ou o raposo, sen esquecer que hai ourizos cachos, xabarís...



Ferreiriño: *parus caeruleus*



Paporrubio: *erithacus rubeculaus*



Lugano: *carduelis spinus*



Lavandeira: *motacilla flava*